

Concurso de Poesía

IES MONTE CARRASCO



1. OBXECTIVO

Para celebrar o Día da Poesía, o IES Monte Carrasco convoca un concurso co fin de estimular a creatividade poética no seu alumnado.

Haberá dúas categorías:

1º categoría: 1º e 2º de ESO.

2ª categoría: 3º e 4º de ESO.

2. PARTICIPACIÓN

Poderán concorrer ao concurso todos aqueles orixinais que non fosen premiados noutros certames nin publicados total nin parcialmente con anterioridade. O/A autor/-a responde da propiedade intelectual da obra presentada ao concurso e da autoría desta, así como de que non é copia nin modificación de obra allea. O incumprimento desta base será responsabilidade exclusiva da persoa infractora e suporá a súa eliminación do concurso.

3. TRABALLOS

Os orixinais estarán escritos en lingua galega.

A temática será libre.

Extensión:

Pódense entregar un ou varios poemas coa seguinte extensión total:

1ª categoría: entre 15 e 25 versos.

2ª categoría: entre 20 e 40 versos.

Formato:

Tamaño DIN A-4, mecanografados a espazo interlineal dobre, con letra Times New Roman de 12 puntos e escritos por unha cara.

A portada será unha páxina na que unicamente aparecerá o título.

4. PREMIOS

Establécese o seguinte premio para cada categoría:

- ★ Unha tarxeta agasallo por importe de cincuenta euros para investir en establecementos da Asociación Cangas Vella.

5. PUBLICACIÓN

As obras premiadas serán publicadas na revista *A Gaivota* do IES Monte Carrasco.

6. MÁXIMO DE OBRAS

Poderán presentarse un máximo de tres obras diferentes por persoa, cada unha delas conformada por un poema ou conxunto de poemas.

7. ENTREGA

Os traballos deben ser entregados na Secretaría do centro até o venres 17 de marzo.

Deben presentarse dous sobres pechados: un, co(s) poema(s), e outro, co nome, apelidos, curso e grupo da/o autora/o no interior. Os dous sobres levarán escrito o título do poema ou do conxunto de poemas no sobre por fóra.

8. XURADO

O xurado estará composto por tres membros e o seu fallo será inapelable. Este farase público o 21 de marzo, Día da Poesía, a través da Radio Labirinto, do blog da biblioteca, bibliotecamontecarrasco.wordpress.com/ e da conta de Instagram @bibliocarrasco.

9. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a total aceptación da decisión do xurado, así como das bases do concurso.

